

## PROGRAMA DE NADAL

**A-VISITAS DOMICILIARIAS:**

Nestes días, como é habitual polo Nadal, estamos visitando aos nosos maiores e impedidos, co fin de levarlles a felicitación de Nadal , acompañalos uns momentos nestas datas e poñéndonos á súa disposición para o que necesiten. Para nos é unha actividade moi gratificante.

**B-PROGRAMA 25 ANOS:**

**-CHARLA: A MÚSICA SINFÓNICA A TRAVÉS DA HISTORIA .**

Levarase a cabo o vindeiro sábado, día 20, ás OITO e MEDIA da tarde. Participará como poñente: EMILIO LEDE (Barro-Pontevedra) : **Estudos de Piano, Composición e musicoloxía con traballos de investigación, da conferencias** ao longo da xeografía Galega(Conservatorio Superior da Coruña, Facultade de Belas Artes, etc.;e escribe **artigos** para revistas prestixiosas.Actualmente é profesor no Conservatorio Superior de Música de Vigo e colabora con grupos de Cámara.

**-CICLO DE CINE: EN CLAVE DO CASTRO**

Proxección de películas con periodicidade mensual, para ilustrar o tema do programa do 25 aniversario; inauguraremos este sábado, para o que contamos coa presentación de MIGUEL A.FERNÁNDEZ, **crítico de cine** de "La Voz de Galicia.". O título escollido para este sábado está relacionado coa música é: EL CONCIERTO. Ao remate da mesma haberá un debate sobre o tema. Esperamos a túa asistencia

**C- NADAL DE MAIORES/ENCONTRO DE RONDALLAS/FESTIVAL DE NADAL:**

Levarase a cabo o DOMINGO, 21/dECEMBRO:                   PROGRAMA:

**-5,30: Nadal de Maiores**, ao que están invitados tódolos socios, en especial os socios MAIORES; intervirán : representantes dos maiores, da Asociación e representantes municipais. Trátase de ter xuntos unha xornada de convivencia neste tempo do Nadal.

**-6,00:Encuentro de rondallas**, no que participarán as rondallas:

"CORDAS NOVAS" de CORUXO (VIGO)

"O CASTRO", DE BAIÓN

**-Festival de Nadal:** Seguidamente, participarán os grupos da Asociación: Coral "Cantigas do Castro", coral Xuvenil, grupo de Cámara, Pandeireteiras e Grupo de danza.

Logo, remataremos cunha " **chocolatada**".

**Segue a volta da folla -->**

## D-BELÉN ARTÍSTICO:

O día 25, inauguraremos o BELÉN ARTÍSTICO, cunha imaxe renovada, polo que invitamos a visitalo. Estará aberto os domingos e festivos, despois das misas, ata o domingo 11/xaneiro. Para visitas fora dese horario, poñerse en contacto coa Asociación.

## E-XUNTANZA GALEGA DE RAPACES/COLABORACIÓN CON UNICEF

Dentro da colaboración con UNICEF e, como ven sendo habitual, con motivo do aniversario da **Declaración dos Dereitos do Neno**, levaremos a cabo uns actos o sábado, **27 de decembro** na Casa de Cultura de Baión, no que participarán nenos do entorno e doutras provincias.

### PROGRAMA

**11,00**-Recepción dos asistentes e proxección dun documental sobre o tema. Logo, obradoiros.

**13,00** - Posta en común

**13,30**-Xantar

**15,00**-Actuación do grupo de animación ANIMARTE

**17,00**-Remate, coa actuación da rondalla O Castro e o grupo xuvenil O Castro.

**Desexamos a asistencia de tódolos rapaces de Baión, rogando llo comuniquen aos respectivos vocais.**

## F-TARXETAS/CALENDARIO DE UNICEF.

Tal como se fixo o ano pasado, este ano imos repartir tarxetas de UNICEF, co calendario e programa de actividades fixas ao longo do ano. Ademais de **informarnos**, tamén contribuímos á laboura **solidaria** de Unicef, nos países do mundo, onde as necesidades dos nenos son moi grandes; o importe é de **2 e**. Xuntos, con ese diñeiro, pódense facer moitas cousas: vacinas, estacións potabilizadoras de auga, etc. polo que agradecemos o teu donativo.

Sen máis, dende a XUNTA DIRECTIVA, aproveitamos a ocasión para desexarche

**¡BOAS FESTAS E UN ANINOVO CHEO DE SAÚDE E FELICIDADE!**